



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Estancias Prácticas II	Código	653G01210	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde			
Coordinación	García Crespo, María Vanessa	Correo electrónico	m.v.garcia@udc.es	
Profesorado	García Crespo, María Vanessa Mansilla Barreiro, Barbara Rosende Celeiro, Iván de	Correo electrónico	m.v.garcia@udc.es barbara.mansilla.barreiro@udc.es ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa observación e a análise dos contornos desde a Terapia Ocupacional e a intervención do terapeuta ocupacional nos mesmos.</p> <p>Descriptor:</p> <p>Estancias prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias deste profesional en diferentes contornas, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacionais.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Integración dos coñecementos teóricos previos á práctica relacionados coa accesibilidade, a ergonomía e o deseño universal. Aproximación ao corpo teórico que dá base á intervención de Terapia Ocupacional sobre o contorno: impacto do medio sobre a ocupación humana.	A8 A10 A11 A19		
Adquisición de destrezas de observación e análise do contorno: identificación das condicións do contorno que actúan como facilitadores ou como obstáculos en relación ás características da poboación e ás demandas da actividade (valoración do equilibrio individuo/ambiente/ocupación).	A8 A11	B3 B8 B9	
Desenvolvemento do pensamento analítico e crítico aplicado á valoración e ao asesoramento en materia de accesibilidade: planificación da intervención (valoración, plan de mellora/intervención, rexistro), deseño de contornos facilitadores para a autonomía (a nivel individual e colectivo) e elaboración de propostas de asesoramento reais e efectivas.	A6 A8 A11	B3 B8 B31	
Potenciación de habilidades e rigor técnico para o rexistro da información procedente da intervención: recoñecemento da importancia do rexistro das actividades realizadas, adquisición de rigor técnico na linguaxe empregada na comunicación co equipo profesional e cos/coas usuarios/as, elaboración de informes técnicos.	A11	B7 B8 B15	C1
Desenvolvemento dunha perspectiva social: situar ao alumnado nun tipo de intervención no contorno comunitario, promovendo a colaboración con outras/outros profesionais do ámbito do social, facilitando a súa intervención no medio natural do individuo e en definitiva, comprometéndose a promover a xustiza ocupacional.	A11 A12 A17	B6 B11 B15 B31	

Contidos	
Temas	Subtemas



Principios teóricos da accesibilidade; accesibilidade, ergonomía e deseño universal.	<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos teóricos básicos: concepto europeo de accesibilidade, ergonomía aplicada e deseño para todas as persoas. - Accesibilidade vs adaptación funcional. Diferenzas e formas de intervención. - Normativa estatal e autonómica sobre accesibilidade.
Observación e análise de factores ambientais	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos factores ambientais segundo a CIF: físicos, sociais e actitudinais. - Conceptos de barreiras e facilitadores. Identificación en diferentes contextos. - Conceptos de contexto e contorno no Marco de Traballo para a práctica de Terapia Ocupacional.
Valoración da accesibilidade dos contornos	<ul style="list-style-type: none"> - Principios da observación con fins de avaliación. - Análise do contorno desde unha perspectiva individual e desde unha perspectiva colectiva. - Valoración de contornos específicos baseada nas ocupacións que acollen e ao tipo de individuos que as executan. - Recollida de información procedente da valoración.
Deseño de contornos accesibles/universais.	<ul style="list-style-type: none"> - Principios para desenvolver un asesoramento en materia de accesibilidade. - Deseño de adaptacións funcionais do medio. - Deseño de contornos socialmente facilitadores. - Propostas desde a perspectiva da universalidade.
Rexistro da información	<ul style="list-style-type: none"> - Criterios para elaborar rexistros das actividades realizadas. - Principios para a realización de informes técnicos en materia de accesibilidade: <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación con outras/os profesionais - Comunicación con usuarias/os.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 B3	6	0	6
Lecturas	A8 A11 A12	2	10	12
Saídas de campo	A6 A17 A19 B31	30	30	60
Traballos tutelados	B6 B7 B8 B9 B11 B15 C1	15	15	30
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Traballaranse contidos teóricos necesarios para abordar a intervención práctica e tamén actividades de desenvolvemento do pensamento lóxico do alumnado e de aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p>
Lecturas	<p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se seleccionaron como fonte de profundización nos contidos traballados. As lecturas seleccionadas tratan sobre contidos aplicables á intervención profesional obxecto desta materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p>



Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información e a detección de necesidades susceptibles de intervención.</p> <p>Na materia realizaranse algunhas saídas de campo tuteladas pola docente e outras realizadas polos alumnos de forma autónoma.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas asignadas a esta materia.</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela do/da profesor/a e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudiantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudiantado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor, polo que consta dunha parte de traballo autónomo da/do alumna/o e outra parte de titorías co profesorado.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas asignadas a esta materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Saídas de campo	<p>A atención personalizada planificarase de dúas formas diferentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saídas/traballo de campo: o traballo de campo poderá realizarse en dúas modalidades; saídas tuteladas con docentes da materia, ou traballos de campo autónomos con supervisión do profesorado. - Titorías: en grupos pequenos ou medianos, segundo a distribución do alumnado realizada para a elaboración dos traballos tutelados. <p>A finalidade das saídas de campo e as titorías é apoiar o traballo tutelado que desenvolverán as/os estudantes, resolver as dúbidas que xurdan na observación directa, establecer criterios para cada fase da actividade tutelada, e valorar a evolución na lóxica do pensamento da/do estudante.</p> <p>Por tanto, TEÑEN CARÁCTER OBRIGATORIO, e son necesarias para superar a materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A10 B3	Valorarase a participación e o interese da/o estudante durante as sesións maxistrais, as intervencións que realice durante as mesmas e a evolución observada na adquisición de coñecementos. Ten CARÁCTER OBRIGATORIO.	10
Traballos tutelados	B6 B7 B8 B9 B11 B15 C1	Valorarase a planificación da intervención que desenvolva e argumente a/o alumna/o, a capacidade reflexiva e a lóxica do pensamento e os criterios teóricos aplicados a situacións reais e cotiás, o rigor técnico das súas propostas e a coherencia nos seus informes. O seguimento dos traballos tutelados farase durante nas titorías personalizadas, a demanda do/a profesor/a ou da/o alumna/o. As titorías demandadas polo/a profesor/a teñen CARÁCTER OBRIGATORIO.	50



Saídas de campo	A6 A17 A19 B31	Valorarase o traballo desenvolvido nas saídas de campo que a/o estudante realizará de forma autónoma ou tutelada (de xeito individual ou acompañada/o doutro compoñente da súa parella de traballo), a observación realizada dos contornos, a detección dos condicionantes relevantes para o desempeño, e a capacidade de modificar contornos reais para que faciliten a autonomía. Esta valoración farase nas titorías personalizadas ou grupais, que teñen CARÁCTER OBRIGATORIO.	40
-----------------	----------------	---	----

Observacións avaliación

A materia de Estancias Prácticas II aborda contidos prácticos tales como a observación e valoración inicial, a planificación da intervención sobre o contorno, e o rexistro da información de todo o proceso. Estes contidos traballaranse en grupo e de forma individual, de forma autónoma e tutelada. Polo tanto, distribúese a materia nun horario de traballo autónomo a realizar pola/o alumna/o (de forma individual ou en parella), e nun horario de asistencia á clase cos/coas docentes da materia, no que se abordarán os contidos teóricos, realizarase a práctica planificada, e titorizarase a práctica autónoma da/o alumna/o. A avaliación final incluírá tanto o traballo autónomo de campo como o presencial.

Os aspectos e criterios que se terán en consideración ao avaliar as actividades planificadas coa metodoloxía anteriormente proposta son a adquisición de coñecementos teóricos relacionados coa materia, a aplicación deses coñecementos á práctica tutelada, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e crítico aplicado a situacións concretas. Por tanto, existirá unha avaliación continua da evolución observada na/o alumna/o, e unha avaliación dos traballos finais obrigatorios para a superación da materia.

A/O alumna/o deberá entregar un total de tres traballos finais, cada un deles correspondente á parte de docencia de cada profesor/a. A data de entrega será debidamente notificada ás/aos alumnas/os coa suficiente antelación (preferiblemente ao inicio do cuadrimestre):

- Elaboración dunha infografía relacionada cos conceptos incluídos dentro dos Factores Ambientais da CIF ou dos contextos e contornos do Marco de Traballo.
- Realización dun informe de accesibilidade sobre aspectos puntuais do entorno do Campus de Oza.
- Reflexión argumentada e crítica sobre unha saída de campo ou práctica de avaliación do contorno domiciliario (pendente de planificación durante o cuadrimestre).

A entrega destes tres traballos na data proposta é obrigatoria para a superación da materia.

CUALIFICACIÓN FINAL DA/O ALUMNA/O

A asistencia ao horario presencial de clase é obrigatoria; este é un criterio esixible para superar a materia, non valorable. É OBRIGATORIA A ASISTENCIA A UN 85% DO HORARIO DE CLASE PRESENCIAL, PERMITÍNDOSE A AUSENCIA A UN 15%.

A cualificación final da materia, sobre 10 puntos, distribuírase como segue:

- Exposición dunha infografía de factores contextuais e entrega dunha tarefa individual (reflexión sobre barreiras e facilitadores)(profesora Mansilla Barreiro): 3 puntos
- Informe de accesibilidade Campus de Oza (profesora García Crespo): 3 puntos
- Reflexión crítica da saída de campo / avaliación de entorno domiciliario (profesor De Rosende Celeiro): 3 puntos
- Avaliación continua do estudante realizada polos tres profesores (avaliará a iniciativa, interese, participación crítica e evolución na adquisición de competencias da materia do estudante): 1 punto

Para superar a materia a/o estudante debe ter presentados os tres documentos esixidos, alcanzada unha cualificación final de 5 puntos e ter cumprido o criterio de asistencia. Se a/o estudante non acada esa cualificación mínima, non ten presentado os tres documentos esixidos na data proposta, ou non ten cumprido o criterio de asistencia mínima obrigatoria, terá dereito a unha proba final escrita que se realizará na data fixada no calendario académico oficial aprobado en Xunta de Facultade.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica dacordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaiñte 9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

Fontes de información



Bibliografía básica	Blanco, RM, Blanco L, Luengo S, Pastor G, Rivero M, Rodríguez MR, Vicente MJ. 2003. Accesibilidade para persoas con cegueira e deficiencia visual. Edita: ONCE. Características de la rotulación para persoas con discapacidade visual. Edita: ONCE. Madrid. 2006 Concepto Europeo de Accesibilidade. Edita: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Instituto de Migracións e Servicios Sociais. Centro Estatal de Autonomía Personal e Ayudas Técnicas (CEAPAT). Madrid. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG nº 41 (29 de febreiro de 2000) Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. DOG nº 241 (17 de decembro de 2014). Organización Mundial da Saúde (2001). Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidade e de la Saúde (CIF). Marco de Traballo para a Terapia Ocupacional: Ámbito de Competencia e Proceso. Traducción por el grupo de traballo de Terapia Ocupacional para el desarrollo de la Terapia Ocupacional. En internet, www.terapia-ocupacional.com Consultado el día 2 de Enero 2006.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206

Materias que continúan o temario

Observacións

OBSERVACIÓNS ECOLÓXICAS: Para axudar a acadar un ambiente inmediato e sostible e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do Plan do FCS do Green Campus, os traballos documentais realizados nesta área:

- A maioría solicitarase en formato virtual e soporte informático.
- Para os que se presenten en papel:
 1. Os plásticos non se utilizarán.
 2. As impresións se realizarán a dobre cara.
 3. Usarase o papel reciclado.
 4. Evitarase a realización de borradores

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías